

Actividades para proxectos | Bloque 2 : Creación de contidos

Primaria. 9 a 12 anos

Europa News



Educación Primaria

9 a 12 anos

Nivel

Medio



Temporalización

4 a 5 sesions

Socios

2 a 4 socios

DESCRIPCIÓN DA ACTIVIDADE

Nesta actividade, imos realizar un telediario entre os alumnos membros do proxecto eTwinning, onde os alumnos crean as noticias e rematan cunha videoconferencia semellante a un telediario.

OBXECTIVO DA ACTIVIDADE

Realizar unha actividade colaborativa e interactiva entre os membros do proxecto, a través da realización dun telediario.

DESENVOLVEMENTO DA ACTIVIDADE

Fase 1: Preparación




Ordenador con cámara web, altifalantes e micrófono. Preferiblemente canón ou pizarra dixital conectada.

Requisitos: Ordenadores para as investigacións e traballo en equipo de alumnos.

Paso 1:

Créase un documento colaborativo en muro ou DOC, no que se decide a estrutura e partes do telediario; disto encárganse os profesores coas aportacións e ideas dos alumnos.



Paso 2:


Cuando estea a estrutura do telediario (sucesos, deportes, cultura, internacional, etc.), créanse grupos internacionais de alumnos que son quen redactan as noticias.

Nome Membros	Equipo 1: Actualidade	Equipo 2: Internacional	Equipo 3: Europa	Equipo 4: Cultura	Equipo Curiosos
Spain	Miguel, Carlos Lucía	Juani, Pablo, Lucas	Pedro, Antonio, Alejandra	Pedro, Julia, Teresa	Patricia Javier
Portugal	Joao , Rui, Paola	José, Vicenta	Paulo, Miguel	Ana Francisco	Servan

Italy	Francesco, Laura	Piero, GianLuca	Helena, Carla	Alda Amadeo	Carina Nicola
France	Nicolle ,Pierre	Dennis, Paul	Arleth, Noe, Kalet	Noelia, Brandon, Macey	Alizeé, Amelie

Paso 3:

Créase un documento de colaboración para cada grupo de alumnos e entre eles van redactando as noticias.



Fase 2: Posta en práctica

Paso 4:

Unha vez escritas as noticias, organizamos unha videoconferencia-telediario, no que cada grupo exporá as que redactou, para que sexa máis emocionante; os alumnos non poden contar as noticias do seu país, senón as dalgún dos socios.



A ferramenta de videoconferencia nos proxectos eTwinning

Paso 5:

Se algún centro ten posibilidade, poden gravar a súa noticia con Croma, para o que o equipo debe buscar fondos e imaxes que poidan ser utilizadas.



Paso 6:

Ademais de gravar a videoconferencia, con Adobe Connect, gravarase as exposicións dos alumnos, podéndose incluír as que fosen gravadas con Croma e completar así un produto final.



Paso 7:

O documento final será as dúas gravacións, desde Adobe Connect e as que se fagan externamente. Todo o material sóbese ó TwinSpace do proxecto.

De todo o proceso pódense tomar fotografías, capturas de pantalla do traballo de alumnos, e enlázase no TwinSpace do proxecto. Moi interesante que todos os socios comenten o desenvolvemento da actividade no Diario de proxecto.



PRODUTO(S)/RESULTADO(S) ESPERADO(S)

Documentos colaborativos do profesor, dos alumnos, vídeos das noticias, gravación desde Adobe.

FERRAMENTAS DO TWINSPACE/FERRAMENTAS 2.0 EXTERNAS

- Google Drive: ferramenta colaborativa que permite editar e compartir en liña documentos de trabajo. <https://www.google.es/intl/es/docs/about/>
- Croma: Técnica audiovisual que extrae unha cor dunha gravación, azul ou verde, e cámbiaa por unha imaxe ou vídeo.
- Notepad : Ferramenta para escritura colaborativa online. <https://anotepad.com/>
- Linoit: Ferramenta colaborativa sinxela para crear pizarras ou cortizas virtuais e presentar nela notas tipo post-it <http://en.linoit.com/>
- Videoconferencia desde eTwinning live ou TwinSpace.
- Foros e Chat de TwinSpace.